

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

Inmersión verán 2009

Prazo aberto ata o 9 de febreiro

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 2.650 prazas para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.

Poderá solicitar estas axudas o alumnado de centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma Galega dos cursos que aparecen nesta táboa e que non gozase dunha bolsa de inmersión 2008.

Curso	Nº prazas e réxime	Distribución	Lugares celebración e duración	Custo total ata	Achega familias
1º e 2º Bacharelato	500 con aloxamento en familias 1º Bach: 250 2º Bach: 250	400 inglés 100 francés	Canadá Tres semanas	2.250 €	300 €
2º,3º e 4º da ESO 1850 prazas 1550 inglés 300 francés	4º ESO: 750 con aloxamento en familias ou residencias	650 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia Tres semanas	1.890 €	150 €
	3º ESO: 700 con aloxamento en familias ou residencias	600 inglés 100 francés		1.890 €	
	2º ESO: 400 con aloxamento en familias ou residencias	300 inglés 100 francés		1.860 €	
1º da ESO	200 con aloxamento en campamentos ou residencias	200 inglés	Distintos puntos de España Dúas semanas	1.000 €	100 €
6º de Educación Primaria	100 con aloxamento en campamentos ou residencias	100 inglés	Comunidade autónoma Dúas semanas	800 €	75 €

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

1º Como solicitar a axuda (só on line)

Entra no web do programa, <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

1. Le a orde de convocatoria que atoparás no web.
2. Entra na sección **2. Solicitar axuda** e cubre o formulario.
3. Rexistra a solicitude e despois imprímea.
4. A solicitude e os anexos teñen que ser asinados polo teu pai/nai ou titor/a e polo director/a do teu centro. Despois terás que remitirnos os orixinais.
5. Fotocopia a documentación complementaria que tes que entregar e compúlsaa.
6. Presenta a solicitude, anexos e fotocopias compulsadas nun rexistro único ou envíasas por correo, tal e como se indica no artigo 3º da convocatoria.

2º Documentación que tes que presentar

- Anexo I, dependendo do curso no que esteas matriculado. Ten que estar asinado.
- Anexo II. Ten que estar asinado polo pai/nai, titor/a legal.
- Anexo III. Ten que estar asinado.
- Anexo IV, no caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor, asinado. Acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas.
- Certificación académica do curso 2007-2008.
- Certificado de empadramento da unidade familiar.
- Fotocopia do DNI/NIE do pai, da nai ou do/s titor/es legais e do alumno ou alumna.
- Fotocopia compulsada de todas as follas cubertas do libro de familia.

Outra documentación, de ser o caso, para circunstancias familiares especiais:

- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa en vigor.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía.

3º Publicación da relación de solicitudes coa documentación correcta, incorrecta e excluídos

Comproba periodicamente na páxina do programa

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

- A relación de solicitudes coa documentación correcta, incorrecta e excluídos publicarase no web da convocatoria, no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano), na Consellería de Presidencia (Oficina de atención ao Ciudadán) e remitirase para a súa publicación ás delegacións provinciais e aos centros de ensino.
- Terás un prazo de 10 días, despois da publicación, para emendar erros e presentar a documentación requirida, que poderás consultar, mediante identificación do DNI, no web da convocatoria. De non presentar a dita documentación, as condicións alegadas e non xustificadas non serán tidas en conta.

4º Publicación das listaxes provisionais de seleccionados e de suplentes

- Comprobar no web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> que estás nas listaxes. Estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.
- Abrirase un prazo de 10 días para formular reclamacións contra a listaxe provisional.

Publicación da listaxe definitiva de seleccionados e de suplentes, destinos e datas de realización das estadias

- No caso de estar nas listaxes de seleccionados terás que enviar nun prazo de 10 días a seguinte documentación:
 1. Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.
 2. Xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria.
 3. Copia compulsada do pasaporte ou visado en vigor, no caso de alumnado de 2º, 3º, 4º ESO e do bacharelato.
 4. Declaración segundo o anexo III.
- Deberás enviala por correo certificado con xustificante de recepción (sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes da súa certificación) ao seguinte enderezo:

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Edf. Administrativo de San Caetano s/n
15781 – Santiago de Compostela**

A Coruña

Non enviar a documentación no prazo indicado implica que renuncias á axuda.

NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA

- No caso de que renunciases unha vez rematado o prazo de aceptación da axuda, deberás pagar o importe total do custo da actividade.
- No caso de que queiras abandonar o programa sen rematar, deberás facerte cargo do pagamento dos gastos ocasionados (regreso e custo total da actividade).
- No caso de expulsión do programa, deberás facerte cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da actividade, e de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.

5º Publicación da resolución definitiva

Publicarase no web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, DOG, e nos taboleiros dos centros de ensino.

Consultas Enderezo electrónico: inmersionestranxeiro@edu.xunta.es

Atención telefónica 981 54 02 87 - 981 95 72 96 - 981 95 75 37

Consulta periodicamente a información en <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>